



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº 435 /143

Asunto: Liquidación Orzamento 2025

Unha vez rematados os procesos de contabilización e imputación das operacións orzamentarias e non orzamentarias ao exercicio 2025, aos efectos de incorporar ao Orzamento do ano 2026 os créditos que quedaron en fase de compromiso para atender a execución dos contratos que dos mesmos se derivan, e aqueles outros que sen estar nesta fase teñen un financiamento afectado ou conforman recurso de expedientes en tramitación, resulta necesario comenzar os traballos técnicos do proceso de Liquidación do Orzamento do ano 2025 e dar así cumprimento ao previsto nos artigo 191 e seguintes do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,

RESOLVO

Que polos servizos de Contabilidade e Orzamento, se desenvolvan os traballos técnicos de Liquidación do Orzamento do ano 2025 e unha vez elaborada a preceptiva documentación someter a mesma ao informe preceptivo do Sr. Interventor Xeral para a súa aprobación posterior polo Sr. Alcalde

En Vigo, a data da sinatura electrónica

O Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

(Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024).

Dou fe, a Secretaria Xeral da Xunta de Goberno Local, sinatura electrónica.
Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2026 18:25	Páxina 1 de 1
435-143	CSV: A3B6AB-2C3F59-54865B-WJGWF6-GFDZAZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		